

ACTAS ANTERIORES:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS O 26 DE NOVIEMBRE E 20 DE DECEMBRO DE 2018. Polo Sr. Presidente pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

O Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, indicou que, ao non asistir á sesión celebrada o día 20 de decembro de 2018, absteríase na votación da acta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, indicou que, ao non asistir á sesión celebrada o día 20 de decembro de 2018, absteríase na votación da acta.

A Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita, indicou que na acta da sesión do 26 de novembro de 2018, no punto sexto da orde do día e na intervención do Sr. Gonzalo Pita na que enumerou unha serie de investimentos, figura a palabra “anteproxecto”, cando o concelleiro citado dixo en realidade “antiproxecto”.

O Sr. Secretario especificou que na redacción das actas tratataba de evitar erros gramaticais, poñendo as expresións correctas, engadindo que constaría na acta desta sesión as palabras citadas pola Sra. González-Haba Pérez.

A continuación o Sr. Presidente someteu a acta da sesión do 26 de novembro de 2018 a votación na que, por unanimidade, resultou aprobada.

A continuación o Sr. Presidente someteu a votación a acta da sesión do 20 de decembro de 2018, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 15 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, os Sres Fernández Piñeiro e Sueiro Méndez do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Sras. Rodríguez Búa e Sra. González-Haba Pérez, concelleiras non adscritas).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 2 (Sr. Gonzalo Pita, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, a acta da sesión do 20 de decembro de 2018, resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación. -----

A) PARTE DISPOSITIVA:

2º) PROPOSTA DA ALCALDIA PARA A SEGUNDA APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 6 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANXENXO. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Urbanismo do 23 de xaneiro de 2019.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que se trataba dunha nova aprobación provisional da modificación número 6, despois da realizada en novembro de 2017, que se remitiu aos diversos organismos para a emisión de informes sectoriais, que foron favorables en todos os casos, excepto o do Servizo de Urbanismo da Xunta de Galicia, por entender que o concello incorporou de oficio especificacións sen alegación previa, para ampliar o uso de garaxe, para a regulación do uso educativo e cultural ou para a adecuación á normativa actual do réxime de fóra de ordenación, tratándose de modificacións non substanciais, que tampouco requirían avaliación ambiental, pero que deberían ser obxecto dunha nova aprobación provisional.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, especificou que outra vez, dos sete puntos da orde do día desta sesión, mais da metade eran para corrixir erros por actuacións que non se fixeron ben anteriormente, probablemente porque se realizaron rápido e “in extremis”, o que era lamentable.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que, se existían erros, había que corrixilos.

A **Sra. Deza Martínez** aludiu a que, se se incorporaron as especificacións de oficio, era porque se entendía que eran obxecto da propia modificación.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: Desestimar as alegacións presentadas no expediente de Modificación Puntual nº 6 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo por D. Marcelino Domínguez Torres, D. Manuel Barbeito Fernández, D. Antonio Outón García, D. Gonzalo Touriño Gómez, D^a M^a del Carmen Martínez Piñeiro, D^a M^a Jesús García Maquieira, D. José Touriño Camiña, D. Manuel Vázquez Otero, D^a Ana M^a Piñeiro Aguín, D. Julio Eduardo de Rojas Palacios, D^a M^a del Carmen Hornung, D^a M^a del Carmen, D. José Luís, D^a M^a Paz Leirós de la Peña, D^a Beatriz Alonso de Velasco Esteban e D. Celestino López de Castro López en nome de DECEPLO, S.L.; **estimar parcialmente as alegacións** presentadas por D. Jaime Rodiño Magdalena e D. Salvador Rocafort Morales; e **estimar as alegacións** presentadas por D^a Digna M^a Chacón Varela, D^a M^a Luisa Otero Berreco, D. Antonio Besada Blanco, D. José Manuel Casal Barreiro, D. Juan Rea Méndez, Negocios e Logística del Noroeste, S.L. e D^a M^a Luísa Martínez Torres; en base ás consideracións citadas no informe técnico e xurídico municipal de data 18 de xaneiro de 2019, que se notificará aos alegantes xunto con este acordo.

SEGUNDO: Prestar segunda aprobación provisional á Modificación Puntual nº 6 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo, contida no documento asinado o 18 de xaneiro de 2019 por D^a M^a Asunción Lorenzo Outón, D. José Manuel Rey Rial e D. Rafael Vázquez Abal.

TERCEIRO: Solicitar os informes sectoriais que no seu caso resulten preceptivos e remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, aos efectos da súa aprobación definitiva.”-----

3º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE VERIFICACIÓN DE SOLICITUDE DE ADDENDA AO CONVENIO CON “ACUAES”.

O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do 23 de xaneiro de 2019.

O Sr. **Fernández Piñeiro, concelleiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, sinalou que estas obras obedecían a un convenio asinado por diversos concellos e “Acuaes”, que contaban con fondos “FEDER”, para a realización dun novo abastecemento de auga na Ría de Pontevedra, o que se fixo e recepcionou polo goberno municipal da lexislatura anterior, precisando que a valoración se realizou en función das obras que lle correspondían a cada concello e, na liquidación final, figuraba unha nova Addenda, que multiplicaba por tres a valoración inicial, e pedíuselles información da razón de que a outros concellos non se lle aplicaba a mesma porcentaxe de ampliación que a Sanxenxo.

A Sra. **Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, explicou que no convenio do ano 2012, a cantidade ascendía a 667.765 euros e, despois de novas Addendas asinadas en 2013, rebaixouse en 30.000 euros, en cambio, hoxe solicítanse 1.158.861 euros, xustificándoo nun erro material da valoración dos investimentos que lle correspondían a cada concello, engadindo que había que verificar tamén no expediente a responsabilidade por eses erros, anunciando o seu voto favorable á proposta, que debería ir mais alá, no sentido indicado anteriormente.

O Sr. **Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que os erros se pagan caros, estrañándose de que pasen estas situacións, non sabendo por qué sucederon, adiantando que votará a favor da proposta.

A Sra. **González-Haba Pérez, concelleira non adscrita**, despois de dicir que ía votar a favor da proposta para defender os intereses dos veciños, que son ao final os que pagan estes erros, manifestou que a aportación dos fondos “FEDER”, que nun principio ía ser dun 70%, ao final foi menos, o que se puido repercutir aos concellos.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que lle parecía difícil de crer o atribuír a erros de valoración a existencia dunhas diferenzas deste calado, lembrando de que se tratou dunha obra moi importante en Sanxenxo e que como tal, as facturas merecen a correspondente investigación, outra cuestión distinta é se se constata que antes da adxudicación de obras comunicouse ao concello este incremento de custos, co que a situación variaría, engadindo que ían votar a favor da proposta.

O Sr. **Fernández Piñeiro** indicou que todos os concellos foron a mais, pero non na mesma proporción que Sanxenxo, tratándose dun erro de “Acuaes”, non do concello, non constando que existise a comunicación citada polo anterior interveniente.

O Sr. **Interventor** aludiu a que era un convenio en conxunto con outros concellos da Ría de Pontevedra e tratábase dunha reclamación de mais de 700.000 euros por unha sociedade estatal como “Acuaes”, non podéndose admitir sen mais esta solicitude, con dúas posibles liñas de investigación, por se se fixeron mais obras das previstas ou se fallou no financiamento, fundamentalmente da Unión Europea, vendo se as ten que asumir unilateralmente unha das partes.

A **Sra. Rodríguez Búa** aclarou, respecto da consideración da diminución do financiamento do “FEDER” como posible causa deste incremento, que “Acuaes” asumiu unha achega final do 22,5%, superior ao 15% inicialmente previsto e a do concello aumentou en menor porcentaxe, o que non xustifica que agora teña que pagar o dobre.

O **Sr. Interventor** interviu para dicir que o procedemento necesitaba o nomeamento dun instructor que podía realizarse polo pleno ou mediante delegación no alcalde.

O **Sr. Otero Domínguez** manifestou que non ían propoñer ningún nome, pero se consideraba importante fixar un prazo.

O **Sr. Presidente** afirmou que se ía a votar a proposta tal e como está no ditame e, se facía falta que este asunto tivese que volver a un pleno, así se faría e, no referente aos prazos, xa están fixados na lexislación correspondente.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: incoar expediente para a verificación da solicitude da addenda nº 3 ao convenio asinado con ACUAES, realizando todo tipo de comprobacións e incorporando os informes xurídicos e técnicos que correspondan.”-----

4º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA AO “REGULAMENTO DE CONTROL INTERNO DA ENTIDADE LOCAL”. O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 23 de xaneiro de 2019.**

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular,** explicou que se trataba dun regulamento de carácter técnico, dentro do ámbito do RD 424/17, do 28 de abril, regulador do Réxime Xurídico de Control Interno nas Entidades do Sector Público Local, destacando que non era preceptivo, pero se conveniente e que existía un erro no texto do regulamento a aprobar, no sentido de que o prazo é de trinta días, se non se delimita especificamente.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita,** dixo que o regulamento abre a posibilidade de auditorías, que esta disposición era de carácter técnico e parecíalle correcta a súa aprobación, lamentando que tan só traíase este regulamento e non outros, como o da ordenanza das terrazas, que o goberno actual pedía cando estaba na oposición e, agora, déixase para a seguinte corporación.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto,** manifestou que se trataba dun regulamento que afectaba ao control económico do concello, que era materia fundamental da actuación do interventor, precisando respecto das auditorías, que no seu día deixou o goberno, entre outras cousas, porque non se levaban a cabo, engadindo que ía votar a favor da proposta e que o citado regulamento podía modificarse.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita,** destacou que, aínda que a legalidade estaba garantida polo interventor, parecíalle ben que existisen mais instrumentos de control, polo que votaría a favor da proposta.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, aludiu a que as auditorías eran obrigatorias, en función do disposto no RD 424/17 e que este regulamento era mais ben un protocolo a efectos do funcionamento habitual do concello, pero xa antes existían unha serie de obrigas que había que comunicar ao Ministerio de Facenda, sendo importante que o resultado das conclusións destas auditorías fosen de coñecemento público.

O Sr. Guisasola Padín explicou que estas auditorías ían realizarse co persoal do propio concello sen custo algún, non como as aludidas anteriormente, lembrando que se dá conta trimestralmente ao Ministerio de Facenda dunha serie de informes e que, se é preceptivo, as conclusións poñeranse en coñecemento público.

A Sra. Rodríguez Búa especificou que cando era concelleira de persoal solicitou unha auditoría e informou do custo, cando posteriormente fíxose outra, sen dar conta do citado dato.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: aprobar inicialmente o Regulamento de Control Interno da Entidade Local que consta de 40 artigos.

SEGUNDO: abrir un prazo de 30 días hábiles a contar dende o anuncio de aprobación para a presentación de alegacións ou suxestións. No caso de que non se presentara ningunha, entenderase definitivamente aprobado o regulamento ata entón provisorio.”-----

5º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA CORRECCIÓN DE ERROS ARITMÉTICOS E MATERIAIS NAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2019. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 23 de xaneiro de 2019.

Non se produce debate e o Sr. Presidente someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Mixto e Sras. Rodríguez Búa e González-Haba Pérez, concelleiras non adscritas).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, e por **maioría absoluta dos membros de dereiro da corporación**, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: modificar as bases de execución do Orzamento de 2019 no senso citado na proposta da alcaldía.”-----

6º) DITAME DA COMISIÓN DE CONTAS, ASUNTOS ECONÓMICOS E PATRIMONIO RELATIVO AO DECRETO DA ALCALDÍA, DO 18 DE XANEIRO DE 2019, SOBRE PROXECTOS PLURIANUAIS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 23 de xaneiro de 2019.

O Sr. **Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, en primeiro lugar dixo que nunca encargou unha auditoría de persoal e se de servizos, que era obrigatoria e, a continuación, que este punto tratábase de actuacións plurianuais non executadas no ano 2018 e que pasan ao 2019.

A Sra. **Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, indicou que en resumo, para o ano 2018, houbo moitos proxectos e non se fixo nada, polo que agora pásanse ao 2019, lembrando que, no mes de xullo de 2018, realizouse un pleno extraordinario para ter diñeiro para asinar o convenio coa Consellería de Educación para o colexio de Vilalonga e, agora, vólvese a dicir exactamente o mesmo, destacando respecto da urbanización de O Revel, que se pasa a actuación por fases e non se di de onde van saír os cartos, porque no orzamento de 2019 non figura nada, agardando que isto non supoña unha ralentización da execución das obras do colexio de Vilalonga.

O Sr. **Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que cando había erros o mellor era corrixilos e estamos nun ano electoral, polo que, probablemente, se ía a gastar moito nestes meses, estando de acordo coa execución das obras do centro cultural de O Revel, o colexio de Vilalonga ou o centro de piragüismo, xa que o importante é que se fagan e pode que o financiamento proveña do remanente de tesourería

A Sra. **González-Haba Pérez, concelleira non adscrita**, aludiu a que este punto introduciuse por urxencia na comisión de Contas, nun momento no que os Sres. Gonzalo Pita e Sr. Sueiro Méndez se ían a Fitur e o Sr. Alcalde tiña que anunciar a súa candidatura, polo que o asunto explicouse pouco e agora tamén, aínda que está de acordo coas obras a executar, se ben non lle gustaba a situación do centro provisional de piragüismo e preguntou por qué a urbanización de O Revel pasa de plurianual a execución por fases e se se asinou o convenio para a execución da obra do colexio de Vilalonga, xa que se volve a citar na proposta, rematado a súa intervención para sinalar que ía votar a favor.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, dixo que no verán do ano 2018 realizáronse proxectos de investimentos nun pleno e posteriormente, aprobáronse os orzamentos do ano 2019 e este é un novo replantexamento do financiamento e así, na urbanización de O Revel, se pasa a unha urbanización por fases, cunhas previsións menos optimistas que antes e unha programación ata o ano 2021, que está convencido que non vai a ser o derradeiro prazo, engadindo en canto ao convenio do colexio de Vilalonga, que se asinou con posterioridade á aprobación dos orzamentos, o que produciu atrasos e probablemente, esté suxeito a modificación posterior.

O Sr. **Presidente** indicou que no ano 2018 licitáronse obras, como as do centro cultural de Vilalonga e o centro provisional de piragüismo, pero que non se puideron comezar por diversos trámites na contratación, o que provoca que se executen íntegramente no ano 2019, precisando que xa se asinou o convenio coa Consellería de Educación para a construción do colexio, poñendo a disposición os terreos, non sendo necesaria a sinatura doutro convenio e explicando a razón da execución por fases, concretamente primeiro realizarase a liña de media tensión e despois o resto

da urbanización, para evitar que se teñan que levantar beirarrúas recentemente construídas, así mesmo precisou que o centro de piragüismo ten unha situación provisional e a definitiva espera que sexa no porto de Portonovo, que o centro sociocultural executarásese aproveitando unha estrutura que fixo o Concello no seu momento e que o colexio de Vilalonga estará en funcionamento durante o curso 2020/2021, agardando que todos estén de acordo na execución destas obras.

A **Sra. González-Haba Pérez** volveu a preguntar polo convenio para cesión dos terreos para a construción do colexio de Vilalonga, porque na proposta volve a referirse a iso, dando lectura ao parágrafo correspondente, sinalando o **Sr. Presidente** que o convenio xa está asinado e o que figura na proposta, probablemente, débese a un erro de transcripción.

A **Sra. Rodríguez Búa** dixo que fronte aos desexos están as realidades e o certo é que no ano 2018 non se gastou nada para unha serie de proxectos que eran herdanza da etapa anterior, utilizando diñeiro que estaba inicialmente dedicado a pagar débedas provocadas por unha pésima xestión, como a dos irmáns Rocafort, lendo parte da sentenza, na que indica que a falta de pagamento está provocando uns custos en intereses de 241 euros diarios, sinalando neste momento o **Sr. Presidente** que a interveniente mentía e que o que se había conseguido era que, a día de hoxe, a citada familia aínda non percibise un céntimo do Concello.

O **Sr. Otero Domínguez** manifestou que estes asuntos xa viñeron antes varias veces e o que se está facendo agora é unha medida de corrección orzamentaria, non tratándose de decidir se se estaba a favor ou en contra das referidas obras, lembrando que xa no seu día o actual presidente presentou un proxecto de centro de piragüismo, que dicía que era o definitivo, non impresionando ao seu grupo as técnicas maximalistas da alcaldía de presentar moitos proxectos, lembrando que na súa etapa anterior marchou coa presentación de 46 proxectos, que non se executaron despois e esta é unha das múltiples modificacións orzamentarias referentes a temas xa manidos e que viñeron varias veces a este pleno.

O **Sr. Presidente** indicou que este era un debate político e agradeceu o traballo do persoal do Concello, que permitiu sacar adiante a execución destas obras, que se van a realizar, xunto con outras que poderán ver en próximos plenos extraordinarios desta corporación.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, fixo referencia a que os proxectos do centro cultural de O Revel, do colexio de Vilalonga, a urbanización do Revel e o centro de piragüismo xa son unha realidade e non se puideron executar antes porque os procedementos non son tan rápidos como eles dexesarían e, polo tanto, o que valen son os feitos e non as palabras.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu o referido ditame a votación alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Mixto e Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 4 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

En consecuencia, e por **maioría absoluta dos membros de dereiro da corporación**, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: aprobar o escenario plurianual do seguinte proxecto, que se executará por fases:

		N 2019	N+1 2020	N+2 2021	N+3 2022	total proxecto
1	centro socio cultural	1.555.577,65				1.555.577,65

SEGUNDO: confirmar a aprobación do mencionado proxecto de urbanización.

TERCEIRO: dar conta dos seguintes proxectos plurianuais, que xa foron licitados segundo o plan plurianual aprobado no seu día, do que se da conta ao Pleno, resultando o seguinte:

			N IR2018-RTGX 2019	N FP 2019	N+1 2020	N+2 2021	N+3 2022	N+4 2023	total proxecto
centro socio cultural	33010,622,00	RTGG2017	900.000,00	655.577,65					1.555.577,65
centro de piragüismo	34211,622,00	TCP2018	100.000,00	171.919,38					271.919,38
			SUMA PRESUPUESTADA EN 2019 para proxectos plurianuais	900.000,00					

7º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS, DE VIXENCIA ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2021. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 23 de xaneiro de 2019.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, fixo referencia a que se trataba da prórroga dun convenio que se asinaba cada dous anos e que supón un financiamento de 150.000 euros para o servizo municipal, correspondéndolle ao Concello a achega dun 7,5%.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, indicou que este convenio renóvase cada tres anos e aludiu a excepcionalidade do caso deste Concello, xa que tiña un grupo propio e destacou, con respecto ao convenio anterior, que aínda que o importe total era superior, o certo é que diminuía substancialmente a achega da Xunta de Galicia, que se cubría polo incremento do financiamento da Deputación Provincial e pola propia achega municipal de 15.000 euros, o que supón unha perda para o Concello de 1.625 euros anuais, consecuencia de que non se negociou coa Xunta a posibilidade dunha achega maior para un concello como este, que ten servizo propio e cun custo moi superior ao citado no convenio, xa que vai a mais de 400.000 euros, sendo un gran esforzo, cando non se trata dunha competencia obrigatoria, mentras que a Xunta reduce a súa achega, engadindo finalmente que, independentemente do exposto, votaría a favor da proposta.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que apoia todo o que sirva para loitar contra o lume e debíase actuar na prevención, mediante a limpeza de montes, camiños, etc, votando a favor da proposta.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita**, destacou que a Xunta de Galicia achega menos, demostrando que non lle importa os incendios e lembrou que no seu día presentou unha moción a este respecto, que votou en contra o bipartito, cando non se pedían grandes cousas e houbo catro mortes consecuencia do lume.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu a que aparentemente era unha sucesión de convenios, pero a situación do ano 2013 non é a do 2019, agora se actúa en temas como o da velutina, cada vez son necesarios mais medios e persoal e se actúa nun ámbito territorial superior ao de Sanxenxo, sen que isto teña un reflexo orzamentario positivo por parte da Xunta de Galicia, mais ben o contrario, quedando fóra do convenio todo o referente a prevención de incendios, engadindo que con este plantexamento non se debeu actuar con tanta suavidade e tívose que solicitar un incremento de financiamento.

O **Sr. Guisasola Padín** dixo que non se trataba dun convenio feito só para o Concello de Sanxenxo, senón da adhesión a un asinado pola FEGAMP, a Xunta de Galicia e as deputacións provinciais, incrementándose o financiamento, aínda que se modifican as diversas porcentaxes entre as administracións.

A **Sra. Rodríguez Búa** indicou que era certo que este convenio afectaba a mais de 30 concellos, pero só hai tres casos especiais con servizos propios como o de Sanxenxo e podía facerse perfectamente un convenio só para estes tres supostos, cunha negociación específica e non se fixo.

O **Sr. Otero Domínguez** manifestou que as circunstancias excepcionais destes tres concellos podían dar lugar a unha negociación específica, xa que os servizos municipais van atender a catro concellos e o financiamento non se incrementa substancialmente, sendo as funcións que se realizan agora distintas ás que se prestaban antes e moi superiores, polo que debeu estudarse concretamente o caso deste concello, tendo en conta o custo que supón e as funcións que se realizan.

O **Sr. Presidente** destacou o custo que supón para o Concello de Sanxenxo o mantemento deste servizo e mostrouse de acordo en que cara ao futuro debía intentar mellorarse esta situación, pero que agora o que se trataba unicamente era de adherirse a un convenio coa FEGAMP, Xunta de Galicia e as deputacións provinciais, lembrando que o presidente da FEGAMP é do Partido Socialista.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: Solicitar a adhesión do Concello da Sanxenxo, como entidade local con servizos municipais propios que completarán a nova rede de emerxencias (cláusula 9ª do Convenio) e nas partes que lle afecten como tal, **ao Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais,** para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, de vixencia ata o 31 de decembro de 2021, asumindo as obrigas e compromisos derivado do referido convenio que lle afecten na súa condición de entidade local con servizos municipais propios e con suxeición plena a estas.

SEGUNDO: Facultar ao Sr. Alcalde, Telmo Martín González, para a sinatura de cantos documentos fosen necesarios para a execución deste acordo.”-----

8º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN Á INICIATIVA EUROPEA DO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 23 de xaneiro de 2019.

O Sr. Deza Otero, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, indicou que se trataba dunha iniciativa europea que perseguía a redución do CO2 e a mellora da eficiencia enerxética.

A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, mostrouse de acordo con esta tendencia e agardaba que quedase en algo mais que nunha declaración de intencións e se tomasen medidas.

O Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, destacou que estaba concienciado con este tema e mostrou o seu compromiso particular, sendo un asunto do que probablemente menos se ía falar nesta sesión, parecendo que non afecta, pero o cambio climático está aí, producíndose diversos desastres naturais como consecuencia do mesmo e as administracións teñen que empezar a tomar medidas e tamén, no seu nivel, o Concello, como o incremento do servizo público, subvencións para adquisición de coches eléctricos, etc, e, en cambio, non se fai nada.

A Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita, invitou ao Concelleiro de Medio Ambiente a que reflexione e lembrou que a Unión Europea pide que para o ano 2020 o 50% do lixo sexa reciclable, porcentaxe que se ampliará nun 65% para o ano 2025, debendo ter en conta o compostaxe, algo sobre o que xa actuou a interveniente na súa etapa de Concelleira de Medio Ambiente.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, indicou que este pacto ten carácter mais simbólico que efectivo, cunha falta de estratexia común desde a perspectiva europea, sendo un documento simple e unha proposta insuficiente e mais cando, desde un concello turístico como este, se tiña que intentar minimizar o impacto e tomar medidas, destacando que xa o pacto de alcaldes parécelle un enfoque equivocado, posto que tiña que ser a nivel concello e con medidas concretas, abogando por algo que xa existiu aquí, como a creación dunha comisión mixta permanente, na que participasen os diversos colectivos interesados, para establecer por parte do concello unha política continuista nesta materia.

O **Sr. Deza Otero** aludiu ás medidas que se citaban no pacto, como a potenciación da compostaxe, o fomento da utilización de vehículos eléctricos, o plan de mobilidade, a redución de consumo en instalacións municipais, a protección da costa e outras.

O **Sr. Agís Balboa**, referente á mobilidade, destacou que na actuación da estrada da Lanzada non se contemplou un carril bici, non valéndolle as desculpas de que foi polo tema das expropiacións, xa que senón se fixo no seu momento, non se vai a executar no futuro.

O **Sr. Otero Domínguez** lembrou respecto da comisión citada anteriormente, que foi decaendo nunha epoca de crecemento urbanístico neste concello e agora é o momento de volver tela en conta, como un deber dun concello turístico a efectos de facer unha estratexia coa participación dos distintos colectivos interesados.

O **Sr. Presidente** indicou que subscribía o dito polo anterior concelleiro e mostrouse a favor da creación dun foro no que participen non só os políticos.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: A adhesión do Concello de Sanxenxo ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

SEGUNDO: Facultar ao Alcalde do Concello de Sanxenxo a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.”-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO. Pola alcaldía dáse conta ao Pleno da Corporación Municipal do plan anual de control financeiro realizado pola intervención municipal, onde recóllense as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante 2019, de acordo co establecido no artigo 31 do RD 427/2017, do 28 de abril, polo que se regula o rexime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

O plan anual de control financeiro consta de 13 paxinas, numeradas do 1 ao 13, coa denominación expediente núm. 1-intervencion/2019.

A Corporación deuse por enterada.-----

10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 01 DE OUTUBRO AO 30 DE NOVEMBRO DE 2018 (DE RES. Nº 1854/18 A RES Nº 2287/18). O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía** ditadas desde o **01 de outubro ao 30 de novembro de 2018**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

1º)MOCIÓN DA CONCELLEIRA NON ADSCRITA, SRA. GONZÁLEZ-HABA PÉREZ PARA SOLICITAR Á CONSELLERÍA DE SANIDADE DIVERSAS MEDIDAS. A Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“María del Coral González-Haba Pérez, con DNI 51.329.377R y domicilio en Sanxenxo, en su condición de Concejala No Adscrita y al amparo del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, presenta ante al Pleno de la Corporación Municipal la siguiente

MOCIÓN

Tras el lamentable suceso en el PAC de A Estrada, en el cual un paciente falleció al no poder recibir atención inmediata por no haber profesionales que cubrieran la ausencia del facultativo que en aquel momento estaba atendiendo otra urgencia fuera del centro, y la reciente denuncia por parte de una médica del CHUS, donde fallecían dos personas en urgencias, quiero mostrar mi repulsa y preocupación por el desmantelamiento sistemático de la Sanidad Pública y los peligros que acarrea para la ciudadanía. Tal como vienen denunciado plataformas como SOS Sanidad o la Plataforma por la Defensa da Sanidade Pública, usuarios de la sanidad pública y diferentes grupos municipales de todo el Salnés, expreso:

1. Los sucesos antes mencionados, así como situaciones de todo tipo que estamos viviendo en todo el país en la atención primaria, son consecuencia de la política de recortes en recursos sanitarios promovidos por el Sergas a instancia del Partido Popular, fomentando y promoviendo el desmantelamiento de la sanidad pública con el objetivo de construir un sistema que favorece al sector privado.

2. Los recortes afectan a toda la Atención Primaria en general y en particular a los PAC, donde la situación es aún más preocupante por sus características. En todos los centros, al igual que en los hospitales donde entre otras cosas se cierran plantas enteras, caso del Hospital del Salnés y del Hospital Provincial de Pontevedra. Además de la habitual saturación de los diferentes servicios derivada de la falta de personal y medios, no se están cubriendo las bajas de los/las facultativos/as, provocando, además de la reducción de servicios, que los centros queden totalmente desatendidos cuando el único médico que está de servicio tiene que salir a atender una urgencia fuera del centro, circunstancia habitual y reiteradamente denunciada.

3. En verano, la contratación de personal es insuficiente, el horario de atención y algunos servicios en muchos Centros de Salud, como los de Cambados y Sanxenxo, son insuficientes mientras que la población del área del Salnés se incrementa de forma considerable, debido a la importante afluencia turística. La confluencia de estas circunstancias conduce a masificaciones de consultas (más de 50 pacientes por facultativo y día), la aparición de listas de espera en los centros de salud, la saturación de las urgencias, y que las familias tengan que hacer desplazamientos largos para que sus hijos e hijas

puedan ser atendidas por pediatras.

4. Tal como denuncian plataformas como SOS Sanidade o la Plataforma por la Defensa da Sanidade Pública, la falta de personal que el SERGAS esgrime como excusa, es consecuencia de una total ausencia de planificación y un aumento en la precarización de los contratos del personal, por lo que muchos de nuestros profesionales declinan trabajar en la Atención Primaria de Galicia, emigrando a otros lugares con mejores condiciones laborales.

5. La inexistencia de PAC Pediátrico en toda Galicia, y la desacertada decisión política que llevó a que desapareciera el PAC pediátrico de Cambados, hace que nuestros niños y niñas no estén adecuadamente atendidos, pues tal como recoge el informe anual del 2.017 de la Valedora del Pueblo: “la valoración y la atención por un médico de familia a un menor no puede ser algo común”.

6. El año p2017, la Asociación Plataforma Veciñal Sanxenxo, junto con la Federación de Anpas O´Con, entregaron más de 4.000 firmas tanto al EOXI Pontevedra- Salnés como al SERGAS, cara la consecución de un pediatra a mayores para el Centro de Salud de Baltar y una ambulancia medicalizada durante todo el año para la zona del Salnés. La respuesta del Sergas, avalada por el Alcalde de Sanxenxo, Telmo Martin, fue reformar el centro disminuyendo los espacios y aumentando el número de salas sin ver incrementado el personal ni la calidad de las prestaciones sanitarias.

7. En julio, el ayuntamiento de Ribadumia denunciaba que desde mediados del mes de agosto, su centro de salud contaría con una sola facultativa por la falta de personal sustituto que cubran las ausencias de médicos que disfrutan de sus correspondientes vacaciones. A principios de agosto hicieron entrega de más de 300 firmas, mientras el gerente del EOXI Pontevedra-Salnés se iba de vacaciones sin recibir al equipo de gobierno ni atender a sus ruegos para que se hubiese corregido la situación en su centro de salud.

8. En Cambados, el pasado mes de agosto, un paciente denunciaba que después de que los médicos del PAC lo habían derivado a Urgencias del Hospital del Salnés, tuvo que esperar casi tres horas a la ambulancia para poder llevarle al Hospital, y después de que le habían dado el alta, tuvo que volver esperar otras cuatro horas para ser devuelto a su domicilio. Ambulancia en la que iba solo el conductor y sin silla plegable, por lo que tuvo que subir al paciente a pulso.

9. En pleno periodo estival nos encontramos con un Centro de Salud y PAC en Baltar, en el cual se constata las ausencias de médicos y enfermeros, llegando la sobrecarga del personal hasta tal punto, que dos trabajadores denunciaron las condiciones laborales en Jefatura de Trabajo por incumplimiento de contrato, pues fueron obligados a hacer jornadas de hasta 21 horas

10. Tras la manifestación de abril del año 2017, a la cual acudieron, entre otros el propio Sr. Telmo Martín y el Sr. Gonzalo Pita; en vez de verse incrementado el número de pediatras para tener una cobertura de dicho servicio de 9.00h. a 22.00h., lo que han hecho ha sido aumentar el número de consultas, pero no el de facultativos; por lo cual, ahora mismo, el área de pediatría presenta más deficiencias que antes, pues cuenta solo con una sola pediatra para cerca de 2.300 niños menores de 14 años, y con la única ayuda eventual de un médico de familia. El área de pediatría se han quedado sin baño infantil y la sala de espera se ha trasladado al pasillo, en frente de la puerta de entrada y al lado de la mini-sala de extracciones.

11. En el año 2017, el PSdeG-PSOE denunció la situación de nuestro Centro de salud y PAC, siendo apoyada tanto por BNG y En Marea; y en este momento trabajan juntos en una comisión paralela en defensa de la sanidad pública y de calidad.

Dada la gravedad de todo lo expuesto anteriormente, se hace preciso exigir responsabilidades, y proponer acuerdos que defiendan una adecuada gestión de la sanidad pública y atención a los pacientes, por lo que propongo al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente

ACUERDO:

1. El Ayuntamiento de Sanxenxo solicitará a la Consellería de Sanidad:

- La dimisión del Conselleiro de Sanidad, del Gerente del Sergas y del gerente del EOXI de Pontevedra-Salnés.
- El fin de las políticas de recorte y desmantelamiento de la Sanidad Pública Gallega.
- La eliminación de la tasa de reposición y de su fórmula de cómputo.
- Un plan de Estabilidad que permita convertir en interinas todas las plazas estructurales cubiertas con contratos eventuales.
- Reforzar los dispositivos de atención a las Urgencias en los PAC.
- Un Plan Urgente de Reposición de Recursos Presupuestarios y de Personal

2. El Ayuntamiento de Sanxenxo Solicitará al 061 un informe técnico detallado del cambio de criterio de uso de isócronas de las ambulancias medicalizadas y la mejora de las condiciones laborales de los profesionales. En Sanxenxo, 28 de Enero de 2019.”

A **Sra. González-Haba Pérez**, xustificou a urxencia porque a sanidade ten que defenderse xa, posto que se está a deteriorar coa actitude do SERGAS.

O Sr. Presidente indicou que ía solicitar que se votase en contra da urxencia, porque nunha moción que se pide a dimisión dun conselleiro, o primeiro que se ten que facer é estudala e, en cambio, tráese a Pleno na mesma sesión, cando como mínimo, tivo que presentala pola mañá, sendo ademais unha petición xenérica, non vendo a súa urxencia, podendo, xunto con outros compañeiros concelleiros, pedir un pleno extraordinario para tratar este asunto e, entón, falarían da realidade da sanidade.

A **Sra. González-Haba Pérez** mostrouse en desacordo coa actuación nesta materia da Consellería de Sanidade e coa política do PP de privatizala, o que non parece preocuparlle ao Grupo Municipal do Partido Popular e ao do SAL, pedíndolle que sexan mais respetuosos coa vida, xa que na actualidade a sanidade está baixo mínimos, con profesionais excelentes, pero que non poden dar mais.

O Sr. Presidente indicou que cría firmemente na sanidade pública e puntualizou que, aínda que tiña un seguro privado, o positivo da súa utilización era que non ocupaba praza na sanidade pública, destacando que este tema se está a utilizar políticamente e que a Xunta de Galicia ten o diñeiro necesario, pero non hai profesionais.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente** someteu a votación a declaración da urxencia da moción alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sras. Rodríguez Búa e Sra. González-Haba Pérez, concelleiras non adscritas).

Votos en contra: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Abstencións: 1 (Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, a declaración de urxencia non se aprobou.-----

2º) MOCIÓN DA CONCELLEIRA SRA. FERNÁNDEZ AGRASO, DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO E DA CONCELLEIRA NON ADSCRITA, SRA. RODRÍGUEZ BÚA, SOLICITANDO SE CONVOQUE NOVAMENTE A MESA DE NEGOCIACIÓN E SE LLES PERMITA A ASISTENCIA DE ÁMBALAS DÚAS CONCELLERIAS EN RELACIÓN CO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Sandra Fernández Agraso, con DNI 76823924Z, como concelleira do Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego e Vanessa Rodríguez Búa, con DNI 77415688B, como concelleira Non Adscrita do Concello de Sanxenxo, e o abeiro do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentan ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCION**:

En xuño do 2015, recién chegadas ao goberno, atopámonos con una xestión do Servizo de Axuda o Fogar catastrófica, que inclusive tiña provocado a apertura dunha Inspección por parte da Consellería de Traballo. Esta é a situación que herdamos da anterior xestión do servizo polo PP de Sanxenxo.

Atopámonos cun servizo no que a pesar de que todas as traballadoras tiñan as mesmas condicións laborais por contrato (en canto os días de traballo) a realidade era que na práctica non se cumpría esa igualdade, provocando unha desigualdade entre as traballadoras. Ademais ao non existir suficiente persoal, xerábase un exceso de horas traballadas por parte do persoal para cubrir as baixas e vacacións do resto das traballadoras do servizo (nalgún caso no mes de xuño algunha traballadora xa superaba o seu horario laboral en máis de 120 horas). Todo elo repercutía nun deficiente funcionamento do servizo, chegándose a unha situación insostible tanto para as traballadoras como para os usuarios. De aí que as traballadoras presentaran unha denuncia ante a Inspección de Traballo; inspección coa que nos atopamos nada mais ocupar os noso cargos de Concelleira de Servizos Sociais e Concelleira de Persoal.

Ante estes feitos, decidimos reunirnos coa Inspección de Traballo, quen atendendo ao recente cambio de goberno, nos concedeu un prazo de dous meses para solucionar a situación das traballadoras e traballadores do Servizo.

Como primeira medida, decidimos convocar unha mesa de negociación coas representantes sindicais das traballadoras, na que se acordou implantar un sistema de quendas polo que se igualaban as condicións horarias de todas as traballadores do servizo.

Conxuntamente, con esta medida creouse por primeira vez unha bolsa de emprego para incorporar un listado de traballadores que puideran cubrir as baixas, vacacións e demais incidencias imprevistas que puideran xurdir, para que o servizo non se vira interrompido en ningún momento, nin que as traballadores tiveran que facer máis horas das que lle corresponden.

A bolsa tamén nos permitiu devolver o exceso de horas ás traballadoras que a desastrosa xestión do PP lle obrigara a ter que facer, a sabendas de que non llas poderían pagar xa que a posibilidade de pagarlle esas horas extras estaba vedada por o Plan de Axuste, que este Concello tivo que sufrir pola lamentable situación económica na que nos atopábase por entón como consecuencia das sentenzas xudiciais e demais débedas que as políticas do PP supuxeron para Sanxenxo.

Tras as medidas levadas a cabo polo goberno tripartito, o funcionamento do servizo mellorou considerablemente e arquivouse o Expediente pola Inspección de Traballo ao considerar que se lle dera unha solución acorde a dereito.

Meses despois, produciuse o cambio de goberno e curiosamente o PP que tanto criticara a Auditoría de todo o Persoal do Concello levada a cabo polo goberno tripartito, tardou tan só catro meses en solicitar unha Auditoría da xestión do Servizo de Axudo o Fogar, véndose incapaces de manter o bo funcionamento do servizo.

Tras obter o resultado da Auditoría elaborada pola empresa Cigesoc con data 28 de febreiro do 2018, o actual goberno de Sanxenxo convocou unha mesa de negociación, na que non só non se negociou nada, sino que tamén se lle ocultou os traballadores o resultado da auditoría realizada. Tras a reunión, o grupo de goberno impuxo un sistema polo que as traballadoras pasarían facer unha garda cada 19 días, na que terían que estar dispoñibles para cubrir imprevistos a pesar de estar no seu día libre, sen recibir ningunha contraprestación a cambio. Esta imposición do goberno de Sanxenxo supuxo a presentación dunha demanda das traballadoras contra o Concello, a cal foi resolta por Sentenza de 22 de outubro de 2018 do Xulgado do Social nº 4 de Pontevedra, na que se lle da a razón os traballadores do Servizo e se condena o Concello a ter que repoñer as traballadoras afectadas nas súas anteriores condicións de traballo, por un defecto na convocatoria da mesa de negociación que deixou desprotexidas as traballadoras.

Con posterioridade, o Concello volveu a convocar unha nova Mesa de Negociación, na que de novo non se negociou absolutamente nada e se impuxo de forma unilateral o criterio do goberno actual de instaurar o sistema de gardas cada 19 días no día libre das traballadoras sen contraprestación.

Ante esta situación xa se produciron varias protestas por parte dos traballadores do Servizo de Axuda no Fogar, incluíndo concentracións as portas do Concello co lema de "Non aos abusos de Telmo Martín contra as traballadoras do SAF", que desgraciadamente non obtiveron resposta algunha por parte nin do alcalde, nin do concelleiro de persoal, nin da concelleira de Servizos Sociais.

Por todo elo, solicitamos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

-Que se convoque de novo a Mesa de Negociación e que se nos permita a asistencia as concelleiras, Sandra Fernández Agraso e Vanessa Rodríguez Búa, para colaborar desde a experiencia que nos deu afrontar como concelleiras delegadas de áreas de Servizos Sociais e Persoal, a situación de desastre organizativo que nos atopamos, no que logramos chegar a acordos coas traballadoras de este servizo, que redundaron na mellora do funcionamento do mesmo. En Sanxenxo, a 28 de xaneiro do 2019."

A **Sra. Rodríguez Búa** indicou que para este asunto nin debía xustificarse a urxencia, sinalando o **Sr. Presidente** que ían votar a favor da urxencia, tendo en conta que na propia sesión atopábanse presentes traballadoras afectadas pola moción.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A **Sra. Rodríguez Búa** indicou que no concello non se atenderon as reclamacións das traballadoras, nin se respectaron os cauces que marca a lei para a negociación, como dixo a sentenza desfavorable para o concello. O goberno actual solicitou unha auditoría para este servizo e, na mesma, propoñíanse varias alternativas, optando por establecer un sistema de gardas, pero sen aplicar as condicións que se citaban na mesma auditoría, agardando que non se volvan a repetir os mesmos argumentos que a sentenza xa considerou absurdos, como que a implantación do sistema de dispoñibilidade viña a supoñer unha mellora para as traballadoras,

indicando a interveniente que se debe convocar outra vez a mesa de negociación, na que solicitan participar as concelleiras asinantes da moción para colaborar en chegar a un acordo, que pode pasar por manter o sistema anterior, non obviando parte da proposta da auditoría, o que cre que podía aceptarse polas traballadoras.

A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinalou que os problemas do SAF levaban enquistados moito tempo e así, cando chegaron ao goberno municipal, atopáronse unha situación deteriorada e unha inspección de traballo, precisando que a pesar disto, os usuarios sempre estiveron ben atendidos polas profesionais do servizo, recoñecendo que este ten unha xestión complexa, pola dificultade de facer as quendas en función da fixación dos horarios, que eran demandados polos propios usuarios. A concelleira no uso da palabra dixo que cando estaban no goberno non fixeron auditoría do servizo, que esta tampouco inventaba nada e que o sistema actual obvia a posibilidade de contraprestacións pola dispoñibilidade nos días de garda, non podéndose pedir iso a cambio de nada e engadindo que o convenio colectivo do sector fala da voluntariedade na dispoñibilidade, sen que unha decisión unilateral dun goberno municipal poida ir en contra do que sinala o convenio colectivo, rematando a súa intervención para precisar que estaban dispostas a colaborar coa súa experiencia para solucionar este problema.

O Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, manifestou que se encontraban ante un problema complexo e, xa no seu día, dixo que había que meter mais diñeiro en asuntos sociais, sorprendéndolle que despois dunha sentenza do xulgado, o concello siga facendo o que non debía e é algo que quere que se lle clarifique, preguntando porque se variou un sistema que antes funcionaba, engadindo que, de todas as maneiras, cre que non hai xente suficiente no servizo.

A Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita, considerou, polo que se explicou anteriormente, alucinante que exista unha sentenza a favor das traballadoras e o concello vaia en contra da mesma, cando se debe actuar sempre de acordo á legalidade.

A Sra. Freire Fernández, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, aludiu a que cando entrou o goberno actual, atopouse unha inspección de servizos sociais de maio de 2017, tendo que pedir unha prórroga para corrixir a cantidade de deficiencias que tiña o servizo. A interveniente dixo que na corporación anterior, o persoal do SAF tiña dúas quendas, unha de luns a venres e outra para fins de semana e imprevistos, a Sra. Fernández Agraso, cando entrou en 2015, tomou unha decisión que produxo as deficiencias que sinalou a inspección, sendo significativo a existencia dunha lista de espera de 16 persoas, a inexistencia de dispoñibilidade horaria para situacións de emerxencia ou dun protocolo de substitucións, matizando que, cando se eliminaron as quendas, non existía unha maneira áxil de cubrir estas deficiencias, lembrando que se está a falar de usuarios que necesitan un determinado servizo, aínda que, grazas ao esforzo das traballadoras, sempre se cubriron as necesidades. Ante esta situación contratouse unha empresa para analizar a situación, detectándose unha serie de debilidades que debían corrixirse, aclarando neste punto que a sentenza foi desfavorable porque consideraba que se produxo unha modificación substancial dos contratos de traballo, que tiña que ser obxecto de tratamento na mesa de negociación, non porque as medidas foran ilegais, engadindo que un goberno responsable non pode deixar de organizar un servizo e desaproveitar os recursos municipais, informando que na auditoría indicábase que se estaban deixando de traballar horas

semanais e anunciando que vai propoñer ao seu grupo o voto contrario á moción, lembrando que anteriormente non se facían visitas de coordinación e tamén existiu unha sentenza desfavorable ao concello por despido improcedente dunha traballadora, que se tivo que readmitir e reorganizar o servizo para dar cabida a ese persoal, pedindo coherencia e sorprendéndolle que dúas concelleiras do goberno anterior presenten esta moción.

A **Sra. Rodríguez Búa** sinalou que os políticos deben ser útiles e o que se pide na moción é claro, que se volva a reunir a mesa de negociación e, se lles deixan participar, levarían unha proposta axustada á lei, pola que se introducirían quendas voluntarias e remuneradas, posto que agora non existe o problema que tiveron no goberno anterior, cando non se podían pagar horas extraordinarias, polo tanto, en vez de debater quen o fixo mellor ou peor, o que se debería facer era volver a negociar, o que non se realizou antes, evitar imposicións e falar coas traballadoras praa chegar a unha solución.

A **Sra. Fernández Agraso**, destacou que antes de chegar eles ao goberno, o PP tiña ás traballadoras co mesmo contrato, unhas traballando de luns a vernes e outras fins de semana e imprevistos, situación que non lle parecía legal, nin moito menos xusta, por iso creouse o sistema de quendas e, se agora quérese beneficiar a algunhas á conta doutras, dígano claramente. A concelleira interviniente precisou que ela se encontrou persoas con contratos irregulares de obras ou servizos de mais de tres anos e unha delas foi a afectada polo despido improcedente, ninguén da plantilla, engadindo que as traballadoras tamén son persoas e preguntando se desde o goberno municipal encargouse un informe sobre unha xestión mixta do servizo e se esa era a solución que se pretendía dar

O **Sr. Agís Balboa** indicou que ninguén pode traballar e non cobrar, estando seguro de que se se quixese solucionar este problema, desde a alcaldía atoparíase partida de onde fose, pero o certo é que había tirantez, o que consideraba un erro, sendo responsabilidade do concello a busca de solucións e, aínda que polas asinantes da moción actuouse con oportunismo político, ía votar a favor, finalizando a súa intervención para dicir que o que hai que facer é poñer un pouco mais de diñeiro e, senón, repercutirá negativamente para o goberno municipal.

A **Sra. Freire Fernández** sinalou que non se trataba de que non se destine diñeiro para os servizos sociais, precisando que o gasto por habitante neste concello para estes servizos é superior ao doutros e que as traballadoras subúselles un 10%, 125 euros ao mes. A concelleira interviniente sinalou que, antes da sentenza, houbo unha reunión e unha mesa de negociación e as traballadoras non trouxeron ningunha proposta, considerando que non se pode non realizar proposicións e despois protestar e que se buscou un sistema para garantir os servizos e que sexa xusto e equilibrado para todas as traballadoras, non querendo mellorar algunha por encima doutra, engadindo que no importe da subida, vai o abono da dispoñibilidade, ademais de que segue, como sempre, disposta a falar deste asunto, aínda que lle parece mais coherente que antes de facer manifestacións, preséntese un escrito ou se pida unha cita para dialogar, describindo a continuación que, antes de poñer as medidas en funcionamento, houbo unha reunión con todo o persoal, e posteriormente e unha vez coñecida a data do xuízo, convocouse unha mesa de negociación, sen que se achegaran propostas polas traballadoras e existiu outra mesa posterior á sentenza, rematando para indicar que non están facendo traballar a ninguén mais horas das que lle corresponde, nin pagando por debaixo do salario do convenio, pero o que non poden permitir é que se cobren horas por contrato sen ser traballadas.

A **Sra. Rodríguez Búa** especificou, a raíz do comentado anteriormente, que a propia sentenza recolle que non houbo mesa de negociación previa, senón unha reunión na que se comunicou a posta en marcha dunha serie de medidas, polo tanto tratouse dunha imposición e agora, o que hai que facer, é convocar unha mesa de negociación para buscar unha solución, que pode pasar pola remuneración das horas extraordinarias.

O **Sr. Agís Balboa** precisou que a xente pode manifestarse cando lle da gana e que a responsabilidade da concelleira é dar solucións e non esperar que as traballadoras traian propostas, sendo iso algo que vai no soldo, non só asistir á procesións.

Á **Sra. Fernández Agraso**, sorprendeulle que a concelleira de servizos sociais se enterase do malestar dos traballadoras pola denuncia no xulgado, o que era moi triste, engadindo que cando a interveniente tivo esa responsabilidade, non tiña ningún problema en falar coas traballadoras para que lle comentasen os problemas e as molestias que tiñan, rematando para dicir que as traballadoras fan o servizo nos seus propios coches.

O **Sr. Presidente** indicou que se estaban a falar barbaridades que podían ter consecuencias, non podéndose converter este pleno nunha mesa de negociación.

A **Sra. Freire Fernández** indicou que a súa obriga como concelleira era tratar de resolver os problemas en xeral e que, por suposto, a xente é libre de manifestarse cando crea conveniente. A continuación a interveniente sinalou que ás traballadoras págaselles a quilometraxe que fan nos seus coches e que ela non se esconde nunca para dialogar, reiterándose a continuación na descrición das reunións e mesas de negociacións que se produciron e aludindo a que, no ano 2016, fixéronse no servizo 21.800 horas, no ano 2017, 21.600 e, no ano 2018, 23.000 horas, indicando para rematar que, neste momento, hai todo o necesario para que este servizo funcione.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sras. Rodríguez Búa e Sra. González-Haba Pérez, concelleiras non adscritas).

Votos en contra: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Abstencións: 0.

En consecuencia, non se aprobou a moción.-----

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOLICITANDO SE DEA TRASLADO Á CONSELLERÍA DE SANIDADE O DESCENTEN TO COA ACTUACIÓN DO PAC DE BALTAR EN RELACIÓN AOS FEITOS ACONTECIDOS NAS INMEDIACIÓNS DO PORTO DE PORTONOVO NA NOITE DO 22 AO 23 DE DECEMBRO DE 2018. A **Sra. Fernández Agraso** deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Dna. Sandra Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de Sanxenxo

EXPÓN:

Na noite do 22 ao 23 de decembro tivo lugar nas inmediacións do Porto de Sanxenxo unha agresión machista a dúas mulleres do noso concello, tras a gravidade dos feitos, ambas rapazas foron trasladadas (unha delas en ambulancia) para ser atendidas no PAC de Baltar.

Tras chegar ao PAC, e antes de ser atendidas, nin de valorar as lesións, o persoal que está na entrada díxolles e cito palabras textuais das vítimas: “ que non nos atendían si non firmábamnos un papel conforme teríamos que pagar a asistencia senón gañabamos o xuízo, naquel momento entre a dor e a humillación que sentía non fomos conscientes do que estábamos a facer”.

Posteriormente, a primeira vítima tivo que sufrir unha falta de empatía e profesionalidade xa na propia consulta ao ser cuestionada pola médica porque ía a consulta “se non tiña nada”, a pesar de ter marcada os cinco dedos da man na súa cara e atoparse moi nerviosa.

A pesar de que as agredidas estaban moi nerviosas e referiron ter dor, unha delas con unha importante abrasión e contusión costal, ambas as dúas abandonaron o PAC de Baltar sen que, segundo refiren, lles prescribieran ningún tipo de medicación.

Hai que dicir que atención do día seguinte foi moi distinta pois as vítimas refiren que o facultativo a parte de cumprimentar ben o parte de lesións, prescribiulles a medicación necesaria para ase tipo de lesións, e tivo a empatía e comprensión necesarias para valorar o momento psicolóxico que estaban a vivir despois de unha agresión de ese tipo.

Tras darnos traslado da desagradable situación vivida no Centro de Saúde de Baltar, pareceunos moi perigoso e imprudente que unha muller que acaba de sufrir unha agresión machista (agresión aleatoria que foi outorgada polo simple feito de ser muller, e segundo o agresor por “cheirar a regra que apesta”) o primeiro contacto que teña ao chegar a un PAC de saúde sexa un papel que obrigatoriamente teñen que firmar se queren ser atendidas con ameaza de cobrarlles a consulta.


Si xa é complicado a varios niveis que unha muller agredida denuncie (por iso se realizan campañas e se poñen a disposición teléfonos gratuítos que non quedan reflexados nas facturas), nunca a entrada a un centro de saúde pode ser un escollo, nunca pode ser un obstáculo que provoque que esa vítima de a volta por medo ás consecuencias, sexan económicas (insólito ante unha sanidade gratuíta) ou xudiciais.


Quedábanos por saber si o protocolo do SERGAS ante agresión machistas é sempre así: ameazar con non ser atendidas se non firman unha folla onde se fan cargo dos honorarios, ou era algo específico do PAC de Baltar.

Repasado o manual de actuación para unha correcta facturación en atención primaria, vemos que o tipo de asistencia que son facturables son:

- Accidente de Tráfico
- Accidente Laboral
- Accidente escolar
- Accidente Deportivo
- Compañía privada (Adeslas, Aegón...)
- Paciente estranxeiros

Explicando o devandito manual que datos hai que recoller en caso de calquera de estes supostos de asistencia médica. En ningún caso nomea como facturables as **AGRESIÓNS**.

 XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE SANIDADE

 SERVIZO
 GALEGO
 de SAÚDE

Xerencia de Atención Primaria
 Pontevedra

DATOS NECESARIOS PARA UNHA CORRECTA FACTURACIÓN:

1.- SINALAR CORRECTAMENTE O TIPO DE ASISTENCIA MÉDICA:

- Accidente de tráfico.
- Accidente laboral.
- Accidente escolar.
- Accidente deportivo.
- Compañía privada (Adeslas, Aegón, seguro de viaxe, etc.).
- Data da asistencia.

2.- IDENTIFICAR Ó PACIENTE:

- DNI e Nº de Afiliación á SS.
- Apelidos e nome.
- Enderezo e teléfono de contacto.

3.- RECABAR OS DATOS QUE CORRESPONDEN SEGÚN O TIPO DE ASISTENCIA:

Accidentes de tráfico:

- Condición do lesionado: condutor, ocupante ou peón.
- En caso de viaxar en moto o lesionado, especificar este dato.
- Datos do vehículo (matrícula, compañía aseguradora, nº de póliza). Si se pode, fotocopiar o recibo do seguro en vigor.
- Especificar si o paciente é remitido a algún hospital.

Accidentes laborais – escolares - deportivos:

- Nome e teléfono de contacto da empresa / colexio / club deportivo.
- Deportivo: Especificar si foi en competición oficial ou nalgún club (ximnasio, piscina, hípica, actividade organizada).

Compañías privadas:

- Copia da tarxeta do seguro privado – póliza do seguro de viaxe.

Pacientes estranxeiros da Unión Europea:

- Imprescindible copia completa da Tarxeta Europea ou formulario correspondente sen caducar (teñen que verse todos os números).

4.- BREVE DESCRICIÓN DAS LESIÓNS E SINATURA DO FACULTATIVO.

NOTA.- Para calquera dúbida ou aclaración poñerse en contacto con Mari
 Gayo Gil (teléfono 986-885292, de 8.00 h. – 15.00 h.), ou no correo electrónico
Maria.Gayo.Gil@sergas.es

☎ 986 885 832 - Fax: 986 885 846
 Avenida de Vigo, 16
 36003 PONTEVEDRA

22/12/
 XAPON-44

En canto a asistencia, tanto o Procedemento de Intervención na Saúde do SERGAS, como o Protocolo Común para a Actuación Sanitaria ante a Violencia de Xénero do Ministerio de Sanidad y Consumo, concordan na importancia de unha boa actuación facultativa tanto en atención ás agresións físicas como no estado psicolóxico da muller.

Quero deixar claro, que o tratamento de esta moción onde se denuncia o trato recibido no PAC de Baltar foi solicitada polas vítimas das agresións machistas sufridas en Sanxenxo a esta concelleira.

Por todo o exposto, solicitamos que o Pleno da Corporación adopte os seguintes

ACORDOS:

- Que se lle de traslado á Consellería de Sanidade por parte de esta corporación o descontento coa actuación do PAC de Baltar na asistencia antes mencionada.

-Que a Consellería de Sanidade realice programas de sensibilidade e formacións ao persoal sanitario co fin de mellorar a asistencia das agresións por violencia machista.

-Que si realmente está protocolizada a obriga de firmar a sumisión dos gastos sanitarios para poder ser atendida en caso de agresión machista, se solicite á Consellería de Sanidade que retire inmediatamente ese protocolo . Sanxenxo a 28 de Xaneiro de 2.019.”

A Sra. Fernández Agraso, concelleira do grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, xustificou a urxencia porque calquera muller que sufra unha agresión machista non ten que ser

tratada no servizo de atención primaria como se fixo neste caso e mais cando non está en ningún protocolo.

O **Sr. Presidente** indicou que como o Sr. Conselleiro xa coñecía o problema e sabía das denuncias que realizou a anterior concelleira nas diversas televisións, ía propoñer o voto en contra da urxencia.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sras. Rodríguez Búa e Sra. González-Haba Pérez, concelleiras non adscritas).

Votos en contra: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Abstencións: 0.

En consecuencia, a declaración de urxencia non se aprobou.-----

ROGOS:

1º) A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, indicou que o día 19 de outubro de 2018, solicitou a entrega dos formularios correspondentes a operacións a terceiros, que debía remitir o Concello de Sanxenxo e o seu organismo autónomo a Facenda, sen que unha vez transcorridos os cinco días sinalados na lei, facilitáseselle a documentación, que estaba no concello e pola que seguía esperando tres meses despois.

2º) A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, manifestou que, a pesar de que o Sr. Alcalde dixo no seu día que non se ía a cortar a rúa Progreso, unha semana mais tarde do comezo das obras, se produciu o peche da citada rúa durante un mes, polo que solicita que se abran as rúas Carlos Casas e Consistorio para mellorar o tráfico dos veciños, sinalando o **Sr. Alcalde** que o que fastidiaba era que o alcalde actual fose o que por fin conseguiu o arranxo da rúa Progreso.

3º) A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, solicitou que se revisen as zonas de carga e descarga, como por exemplo, a do Hotel Cachalote, porque senón se utilizan podían ser dedicadas a zonas de aparcadoiro, sinalando o **Sr. Alcalde** que, pola mañá, veciños de Portonovo, propuxéronlle o contrario.

3º) O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, precisou que na súa anterior intervención, o que quixo dicir, foi que non era o mesmo ir a unha procesión que enfrontarse a unha reunión cos traballadores.

4º) O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, aludiu a que, agora que parece que se vai a arranxar a rúa de Dorrón, despois de catro ou cinco anos, esperaba que se solucionasen todos

os problemas e retirásenos os puntos de luz, sinalando o **Sr. Alcalde** que a deputación provincial vai a proceder a comezar a obra, agradecendo ao Sr. Otero Domínguez a súas xestións.

5º) A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que os pais e as nais que teñen nenos na escola infantil “O Tombo”, queixábanse do perigo que podía causar o incremento do tráfico polo desvío das obras da rúa Progreso, sinalando o **Sr. Alcalde** que tiña razón a Sra. Concelleira e que agardaba a colaboración dos veciños, porque non se podía poñer un garda en cada esquina, engadindo que lle chamou unha antiga concelleira para tomar medidas para evitar o exceso de velocidade no desvío e polo concelleiro de infraestruturas se estaban a facer xestións ante a deputación provincial para instalar mais lombos.

PREGUNTAS:

1º) A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, sinalou que facía mais dun ano, presentou unha moción para incluír a segunda fase da pista polideportiva de Nantes no plan concellos de 2019, moción rexeitada polo PP porque ían facela con fondos propios, pero como no orzamento de 2019 non se contemplou partida e tampouco se incluíu no plan concellos, preguntou se se ía a executar a segunda fase, contestando o **Sr. Alcalde** que non só se poden facer obras coa deputación a través do plan concellos, senón mediante convenios específicos, para o que se podía ter a colaboración do Sr. Otero Domínguez, non obstante, anunciou que esta obra se ía a licitar proximamente.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión, sendo as cero horas do día vinte e nove de xaneiro de dous mil dezanove, de todo o que, eu secretario dou **fe:**